

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DELEGADA 2008 DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

LUGAR: Centro Galego de Lisboa

DATAS: 31 de outubro e 1 de novembro de 2008

HORA DE COMEZO: 16.00 h

ASISTENTES PRESIDENTE:

- D. Manuel Luis Rodríguez González (Secretario Xeral de Emigración)

VOGAIS NATOS:

- D. Julio Martínez Fernández (Centro Gallego de Buenos Aires, Mutualidad, Cultura y Acción Social)

- D. Evaristo Lema Gómez (Casa de Galicia – Montevideo)

VOGAIS REPRESENTANTES DA ÁREA XEOGRÁFICA DE ESPAÑA

- D. Ernesto Lagarón Vidal (Agrupación Cultural Saudade – Barcelona)

- D. José David Fidalgo Fidalgo (Casa de Galicia en Bilbao)

- D. José Ignacio Paz Bouza (Centro Gallego de Salamanca)

- D. Juan José Fernández Teijeiro (Centro Gallego de Santander)

VOGAIS REPRESENTANTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EUROPA

- D. Miguel Ángel Álvarez Portela (Centro Galego de Nürnberg e. V.)

- D. Juan Carlos Villanueva Oubiña (Sociedad Cultural Recreativa “O Lar Galego” – Rotterdam)

- D. Xosé Constenla Suárez (Sociedade A Nosa Galiza – Xenebra)

VOGAIS REPRESENTANTES DA ÁREA XEOGRÁFICA DE AMÉRICA

- D. José Pérez Sánchez (Centro Recreativo União do Río Tea – Lauro de Freitas – Salvador)

- D. Santos Gastón Juan (Hijos de Arantey y Centro Villamarín Perojano Mutual, Cultural y Recreativa – Bos Aires)

- D. Luis Cerviño Barrios (Centro Social, Cultural y Deportivo de Bolos Valle Miñor – Montevideo)

- D. Luis Couto Nogueira (Hermandad Gallega de Venezuela – Caracas)

SECRETARIO

- D. Luis M. Vázquez Carreira (funcionario da Secretaría Xeral de Emigración)

AUSENTES

- D^a. M^a Teresa Diezma Ontiveros (Centro Gallego de Marsella)

ORDE DO DÍA

1. Constitución da comisión.
2. Lectura e aprobación, se procede, da acta da anterior reunión da Comisión Delegada realizada en Santiago de Compostela.
3. Balance sobre o grao de execución do Plan Estratéxico da Emigración 2006-2009. Obxectivos e accións previstas para o ano 2009.
4. Propostas de traballo da Comisión Delegada para o ano 2009: calendario de reunións.
5. Rolda de intervencións libre.

DELIBERACIÓNS

1. Constitución da comisión

Lectura dos nomes e apelidos dos vogais acreditados para a sesión e posterior constitución da comisión. Lectura da convocatoria e da orde do día.

2. Lectura e aprobación, se procede, da acta da anterior reunión da Comisión Delegada realizada en Santiago de Compostela

Os delegados poñen en coñecemento a falta dalgún tema tratado e que non figura na acta. Pídese que se envíen as observacións oportunas para incluíla para a súa posterior aprobación.

A Acta apróbase coa incorporación dun novo punto que recolla de xeito detallado as discrepancias que se formularon na anterior reunión da comisión delegada con respecto ao previsto no borrador da lei de galeguidade sobre a composición da Comisión e do Pleno.

3. Balance sobre o grao de execución do Plan Estratéxico da Emigración 2006-2009. Obxectivos e accións previstas para o ano 2009

O secretario xeral de Emigración argumenta as razón sobre a paralización da nova lei da galeguidade. Expón e fai unha valoración dos programas destinados aos centros para os anos 2006-09, entre os que cabe destacar o déficit de solicitudes de Europa para o programa de Bolsas de estudos, a valoración positiva dos participantes no programa Escolas abertas, da situación de Suíza en canto ao novo programa presencial dos cursos de galego, da diminución do número de retornados, do novo sistema de selección de docentes mediante convocatoria pública para os cursos convocados pola secretaria, e da importancia de buscar novas fórmulas de financiamento para os centros e entidades galegas.

4. Propostas de traballo da Comisión Delegada para o ano 2009

- **Intervención D. Ernesto Lagarón Vidal (Agrupación Cultural Saudade – Barcelona)**

Debátese sobre a selección por parte dos centros galegos dos profesores que se envían pola secretaria para impartir os cursos de formación.

Dende a Secretaria dise que se vén de implantar un novo modelo que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade do docentes (listas na que os profesores acreditan os seus méritos e despois eles escollen o curso a impartir seguindo a orde de prelación).

Propón dúas reunións ao ano da comisión delegada e ter información puntual das novidades da Secretaría.

Propón que a notificación das subvencións se faga canto antes e que as entidades que teñan cedidos locais por outras administracións e se lle concedan axudas para obras, se lles esixa un compromiso de uso durante varios anos.

Pregunta sobre a data do vindeiro Pleno do Consello de Comunidades Galegas
-

- **Intervención D. José David Fidalgo Fidalgo (Casa de Galicia en Bilbao)**

Quere precisar algún asunto que figura na acta: promover o recoñecemento do labor realizado por Ramiro Vieito. Pregunta si se fixo algo para levar adiante este acordo da comisión. Paz Bouza comenta sobre a concesión a outras persoas da “Insignia da Galeguidade” en ocasións anteriores coincidindo coa celebración do Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

Pregunta sobre o orzamento que se poda asignar aos vocais para asumir a representación xeográfica. O SXE propón integralo nun apartado concreto dentro dos programas de axudas.

Propónse a creación dun orzamento para cubrir os gastos dos vocais da Comisión derivados da representación da súa respectiva área xeográfica.

- **Intervención D. José Ignacio Paz Bouza (Centro Gallego de Salamanca)**

Este vocal manifesta a complexidade na tramitación dos programas de axudas e subvencións. Pídese que se intente simplificar e que se notifique as respectivas resolucións de concesión o antes posible.

O secretario xeral de Emigración expón que o retraso nas datas é motivado pola demora en presentar toda a documentación preceptiva requirida as diferentes entidades solicitantes.

Pregunta se as bolsas de formación profesional convocadas pola Secretaría están destinadas exclusivamente para a formación que se vai realizar en Galicia ou son válidas para outros lugares.

Comenta que hai queixas de que os delegados por España da Comisión Delegada sempre son os mesmos e fala da posibilidade de ampliación a seis vocais por área xeográfica como sucede en América.

Pregúntase polo destino do patrimonio dos centros que poidan desaparecer. O secretario xeral de Emigración di que isto ten que estar contemplado nos estatutos de cada centro e sempre de acordo coa lexislación de cada país.

Expón o grave problema da renovación xeracional dentro das institucións. O SXE fala da renovación importantísima que se está a producir nas entidades de Alemaña, Suíza e Francia. Afirmar que este é o camiño a seguir. A xuventude hai que darlle cabida nos centros e que asuman responsabilidades. É importante dar cabida a outras manifestacións de asociacionismo xuvenil que están xurdindo nos distintos países.

Propón que para o próximo Pleno do Consello se aumenten o número de mesas de traballo con grupos máis reducidos de persoas para facilitar o traballo dos relatorios.

- **Intervención D. Juan José Fernández Teijeiro (Centro Gallego de Santander)**

Sobre as novas modalidades dos cursos de lingua galega (Celga) que esixen a realización dun exame final para acadar a titulación respectiva, pídese que se trate de distinto xeito os cursos impartidos no exterior. A Secretaría responde que se trata dunha decisión que compete a Política Lingüística.

Pregunta cal é a porcentaxe do orzamento que anualmente a Secretaría de Emigración destina á realización de Programas socioasistenciais.

O secretario xeral responde que a cantidade destinada para este ano 2008 ascende a 5 millóns de euros.

El Sr. Teijeiro felicita á Secretaría e manifesta a súa satisfacción pois entende que a labor socio-asistencial que a Secretaría realiza é a tarefa máis importante de todas as que leva a cabo. É por isto que debe de continuar a súa labor nos

vindeiros anos, priorizando a realización deste tipo de accións, por encima da colaboración noutras actividades de tipo lúdico ou cultural.

Informou sobre as bolsas que concede anualmente ASOMEGA, co patrocinio de Caixa Galicia, para médicos descendentes de galegos residentes no exterior que desexen realizar unha estancia de especialización ou perfeccionamento nun centro hospitalario de Galicia: Clínico de Santiago, Juan Canalejo da Coruña ou en Madrid na Universidade Complutense, Autónoma ou de Alcalá de Henares en distintas especialidades. Concédense tres bolsas de 6.000 €, xustificando gastos de viaxe e estancia.

Os representantes dos países europeos e americanos acolleron con interese esta información pois descoñecían esta oferta de bolsas.

Solicita un control sobre as bibliotecas subvencionadas con programas da Xunta (garantir a súa apertura ao público en xeral). O obxectivo final será a creación dunha rede de bibliotecas virtual, onde estean a disposición do público todos os fondos bibliográficos propiedade dos centros galegos.

- **Intervención D. Juan Carlos Villanueva Oubiña (Sociedad Cultural Recreativa “O Lar Galego” – Rotterdam)**

Volve a expoñer a dificultade na tramitación dos programas de axudas e subvencións. Propón a publicación na paxina web de modelos da documentación solicitada.

Manifesta o seu desacordo co cambio de datas na celebración do programa Escolas Abertas 2008. Propón a convocatoria dun programa de axudas que cubra os danos causados por situacións extraordinarias (incendios, etc.).

- **Intervención D. Miguel Ángel Álvarez Portela (Centro Galego de Nürnberg e. V.)**

Pide que se simplifique o portal da SXE galiciaaberta.com, pois considera que ten moita información e non é doado acceder a ela. Propón a creación dentro deste portal dun espazo que recolla toda a información sobre a Comisión Delegada (normativa, actas sesións anteriores, acordos adoptados....)

Solicítase aos representantes da comisión que cando haxa un cambio directivo na súa respectiva entidade, se informe de todo o relativo ao funcionamento da Comisión Delegada para facilitar o exercicio das súa funcións por parte dos novos vocais que acceden ao cargo.

Expón a necesidade de innovar na programacións de actividades que levan adiante as distintas entidades. Necesidade de que a “nova emigración” se achegue aos centros galegos.

- **Intervención D. Xosé Constenla Suárez (Sociedade A Nosa Galiza – Xenebra)**

Afirma a existencia dun gran número de galegos que están traballando ou estudando nos países europeos e que non coñecen nin participan nas actividades dos centros galegos. Pide que a secretaría intente dalgún xeito canalizar esta xente para que se acerquen aos centros.

O representante de Xenebra solicita que as autoridades fagan as xestións necesarias para implantar voos de baixo custo que cubran a liña Xenebra-Galicia.

Presenta un proxecto promovido dende o Centro Galego de Basilea para a creación dun software destinado a xestión, administración e comunicación entre as entidades galegas.

Comenta igualmente da necesidade dun orzamento para sufragar os gastos nos que incorren os vocais da Comisión no desenvolvemento do seu labor.

Solicita que se incorpore integramente ao texto da presenta acta o conxunto de alegacións achegadas polas distintas entidades de Suíza.

- **Intervención D. José Pérez Sánchez (Centro Recreativo União do Río Tea – Lauro de Freitas – Salvador)**

Pide de que cando haxa un cambio na directiva dun centro representado na comisión poidan asistir as reunións o membro entrante e o saínte como acompañante.

Propón incluír nos programas incentivos para os mozos que forma parte das directivas (incentivos para viaxar a Galicia, xa que moitos non a coñecen).

- **Intervención D. Santos Gastón Juan (Hijos de Arantey y Centro Villamarín Peroxán Mutual, Cultural y Recreativa – Bos Aires)**

Petición por parte do representante de Bos Aires dun coordinador para os campamentos que responda as dúbidas da xente antes e durante a viaxe a Galicia.

Propón a realización dun programa de intercambio para a xuventude na que os centros poñerían o aloxamento.

Valora positivamente a realización do programa Escolas abertas (obradoiros) nas cidades de Bos Aires, Montevideo e Caracas (potenciar a formación en orixe). Comenta certos aspectos organizativos que poderían contribuir a mellorar a execución deste programa.

Solicita un orzamento para cubrir os gastos dos vocais da Comisión Delegada.

Discútese a redefinición das entidades para o século XXI. Buscar puntos de encontro entre os maiores e a mocidade.

Pide que os temas a debater no vindeiro Pleno do Consello de Comunidades Galegas saían desta comisión delegada, para así tratar os temas que verdadeiramente importan as comunidades galegas no exterior.

Manifesta a satisfacción da colectividade en Arxentina pola creación da Delegación de Bos Aires, xa que con isto se recoñecen e dignifican os dereitos dos cidadáns galegos en Arxentina.

- **Intervención D. Luis Couto Nogueira (Hermandad Gallega de Venezuela – Caracas)**

O delegado de Caracas propón introducir cambios na estrutura, funcións e composición da Comisión Delegada e do plenario. As reunións da comisión delegada erroneamente se utilizan para solucionar problemas particulares do centro e non para tratar os problemas das colectividade as que se representan.

Satisfacción dos distintos centros e entidades de Venezuela polas axudas concedidas este ano 2008. Pide que se promovan convenios de colaboración con centros especializados para tratar o mal de alzheimer.

Expón a importancia de incluír unha materia sobre a historia da emigración galega nos colexios da Comunidade Autónoma.

Presenta o proxecto “coñece e vive a emigración” para que os rapaces e rapazas de Galicia viaxen a coñecer a realidade dos centros en América.

Finalmente solicita que se revisen os baremos de ingresos económicos para o programa “Volver a terra”.

- **Intervención D. Luis Cerviño Barrios (Centro Social, Cultural y Deportivo de Bolos Valle Miñor – Montevideo)**

Pregunta a posibilidade de convocar prazas non gratuítas para os campamentos destinadas ás persoas que superen os límites económicos.

Pide a implantación dunha cota de prazas por países para participar nos campos de traballo.

Comenta a experiencia positiva do labor realizado polos traballadores sociais para a concesión das axudas asistenciais. Solicítase que se estude a posibilidade de pedir as facturas de luz, auga e teléfono das persoas solicitantes deste tipo de axudas para poder avaliar de xeito máis preciso a situación económica de cada unidade familiar.

No programa de bolsas para a realización de estudos universitarios existen dificultades pois non coinciden os prazos de comezo e remate das clases nos distintos países.

- **Intervención D. Julio Martínez Fernández (Centro Gallego de Buenos Aires, Mutualidad, Cultura y Acción Social)**

Necesidade de dar cobertura sanitaria aos galegos de América que veñen de visita a Galicia.

Agradece as axudas recibidas tanto polo Estado como por parte da Xunta de Galicia. Comenta os avances rexistrados pola Obra social (OSPAÑA).

Iniciáronse conversas en Bos Aires para intentar fusionar a grande cantidade de centros en tres ou catro centros agrupados por zonas.

Solicítase a implantación do voto en urna para as vindeiras eleccións autonómicas.

- **Intervención Evaristo Lema Gómez (Casa de Galicia – Montevideo)**

Agradecemento de Casa Galicia polo apoio recibido da Xunta de Galicia na compra de equipamentos xa que despois da intervención do Goberno uruguaio a institución quedou afectada economicamente.

Apoio aos programas sociais e culturais promovidos pola Secretaría e poñen a súa disposición as instalacións e o persoal para axudar a desenvolver estes programas.

Preocupación por acercar a xuventude aos centros, xa que se estes necesitan un cambio xeracional, existe a necesidade de cederlles 16 espazos. Os campamentos son unha formidable experiencia para que coñezan a terra dos seus maiores e logo traían ao seu país as experiencias recollidas. Necesítanse mais programas e accións para os mozos. Aplauda a iniciativa das clases de informática e dos cursos de galegos organizados pola Unión de Sociedades Galegas en Montevideo pois están a causar moito interese entre a colectividade.

Infórmase que Casa Galicia de Montevideo aprobou unha proposta da sesión da Comisión Delegada de 2007 para que calquera galego poida ter asistencia sanitaria gratuíta neste hospital.

Agradecemento da Casa de Galicia de Montevideo ao apoio dispensado pola Xunta de Galicia durante a intervención da entidade polo goberno uruguaio.

5. Rogos e preguntas

5.1. O delegado de Salamanca felicita á secretaria polo novo programa de cursos on-line, Escolas Abertas de Teleformación e propón o recoñecemento do labor realizado polo vogal de Alemaña, D. Ramiro Vieito, mediante a entrega dunha placa no vindeiro Pleno do Consello de Comunidades Galegas (concrétase o acordo adoptado na anterior comisión delegada). Pide que se de a coñecer o tratado desta reunión e agradece aos membros da Secretaría o traballo realizado nestes catro anos.

5.2. O delegado de Barcelona propón que se lle entregue unha placa a todos os vogais que deixan de pertencer á Comisión Delegada.

5.3. Desde a secretaría agradece o apoio da Comisión Delegada ás políticas socio-asistenciais que esta promove e destácase a importancia da delegación da Xunta de Galicia para chegar a Administración galega aos cidadáns e as súas institucións.

ACORDOS ADOPTADOS

1. Vaise a seguir traballando, dentro do que permita a normativa, na simplificación da tramitación administrativa dos programas de axudas.
 2. Darase a coñecer unha completa memoria de execución da xestión realizada pola Secretaría Xeral de Emigración durante esta lexislatura.
 3. Estudarase a viabilidade de introducir unha partida orzamentaria para cubrir os gastos de representación dos delegados da Comisión.
 4. Establecerase un apartado da web galiciaaberta.com para a Comisión Delegada.
 5. O voto en urna é un compromiso asumido pola Secretaría e obxectivo irrenunciable, pero de moi difícil implantación para as vindeiras eleccións autonómicas. Hai un compromiso do goberno central de crear unha circunscrición única para representar á emigración e abordarase toda a reforma no seu conxunto.
 6. Compromiso de remitir a acta da Comisión Delegada antes do Nadal.
 7. Compromiso de estudar a realización de concertos con entidades socio-asistenciais para habilitar prazas destinadas aos enfermos de alzheimer.
 8. Asíumese o proxecto presentado “coñece e vive a emigración” para poder trasladar mozos e mozas residentes en Galicia a que coñezan a realidade dos centros en América.
 9. Realización dunha última comisión delegada antes do Pleno pola importancia das achegas desta no deseño do Consello a realizar en 2009.
 10. Estudarase a distribución de prazas entre os países para os campos de traballo.
 11. Recoñecemento da labor realizada durante os últimos anos a Ramiro Vieito mediante a entrega dunha placa no vindeiro Pleno do Consello de Comunidades Galegas.
 12. Agradecemento e recoñecemento ao secretario xeral de Emigración e ao persoal da Secretaría Xeral de Emigración polo traballo realizado durante estes catro anos.
- Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretario.